



Galicia

GALICIA
LABORAL

Diario dixital da UGT de Galicia

LOITA
polo TEU**ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 733 Semana do 5 ao 11 de xuño de 2017

O PASADO VENRES CELEBROUSE NA CIDADE OLÍVICA O CONGRESO DE UGT-VIGO

ELIXIDA A NOVA COMISIÓN EXECUTIVA DE UGT-VIGO, CON ERNESTO FONTANES AO FRONTE COMO SECRETARIO XERAL

Redacción.- O Auditorio do Concello de Vigo acolleu o pasado venres, día 2, a celebración do Congreso de UGT-Vigo no que se elixiu a Comisión Executiva que dirixirá o rumbo do Sindicato na comarca durante o vindeiro mandato. Ao fronte desta Executiva, que foi apoiada polo 92,94 por cento dos votos, está Ernesto Fontanes, elixido como secretario xeral.

O acompañarán nesta travesía sindical Diego J. de Sa García, como secretario de Organización; José Manuel Rodríguez Portela é o secretario de Administración; ao fronte da Secretaría de Acción sindical, Emprego, Seguridade Social, Saúde laboral e Medio ambiente está Mónica Suárez Silva; e Ángeles Arias Miño é a nova secretaria de Igualdade, Xuventude, Movements sociais e Políticas sociais.

O Congreso transcurriu ao longo da mañá e foi José Luís Fernández Celis, o secretario de Organización de UGT-Galicia, o encargado da súa apertura.

Tamén interviñeron Inmaculada Sieiro, secretaria xeral de UGT-Compostela-Barbanza, en representación das unións comarcais; Meli Pérez, secretaria xeral de CCOO-Vigo; Alberto Gonçalves, secretario xeral de CIG-Vigo; e Eladio Romero, secretario xeral de FeSMC, en representación das federacións de nacionalidade de UGT-Galicia.

Unha vez desenvolvidos os traballos internos do Congreso procedeuse ás votacións para a elección da Comisión executiva e dos membros ao Comité nacional de UGT-Galicia.

Xa no acto de clausura interviñeron o alcalde de Vigo, Abel Caballero; a presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva; e os secretarios xerais de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, e UGT confederal, Pepe Álvarez. Finalmente, pechou o Congreso o que foi elixido como secretario xeral, Ernesto Fontanes.

O novo secretario xeral apelou á unión



sindical na cidade e marcou un reto "vital": a consecución do indulto de Carlos Rivas e Serafín Rodríguez, condeados a tres anos de cárcere por participar nun piquete na folga do sector do transporte en 2011.

Máis aló do indulto para Carlos e Serafín, Pepe Álvarez esixiu a derogación do artigo 315.3 do Código Penal, do que os fiscais, dixo, están facendo "un uso indigno" para ter a máis de 300 sindicalistas encausados. Álvarez reclamou tamén a derogación da Lei de seguridade cidadá y da reforma laboral, ao tempo que chamou a recuperar a militancia.

En materia laboral, o líder de UGT apelou a un cambio de modelo produtivo, a un acordo "transversal" pola industria e a conseguir que os presupostos xerais do Estado de 2017 sexan os últimos nos que as pensións non estean vinculadas oa IPC real.

Tamén reclamou a contribución á Seguridade Social das novas tecnoloxías e a redución da xornada laboral.

Pola súa banca, o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, comezou a súa intervención agradecendo o traballo desenvolvido polos membros da xestora nestes meses sen Executiva en Vigo e

tamén das federacións da comarca. Este traballo permitiu manter a actividade diaria en UGT-Vigo e dar resposata ás necesidades dos afiliados e dos traballadores da comarca en xeral.

Non obstante, o Congreso era necesario e "estou convencido que o seu resultado fortalecerá a UGT-Vigo e a UGT-Galicia e, o máis importante, permitirá continuar dando unha mellor resposta aos problemas dos traballadores de Vigo e de Galicia.

En materia laboral, Gómez fixo un chamamento directo á Xunta para que tome nota de que o crecemento económico non está chegando ás familias. Fixo fincapé no feito de que en Galicia a día de hoxe hai 96.400 persoas desempregadas máis que ao comezo da crise. É evidente que algo falla e o Goberno galego non pode seguir vendendo unha recuperación global que non é tal e non chega aos traballadores.

Apelou aos chamados partidos de cambio a que asuman que a reconstrución do país pasa pola recomposición do modelo social, por recompoñer as relacións laborais, o que pasa pola reformulación do Estatuto dos Traballadores e pola derogación da Reforma laboral.

**XUNTA DE GALICIA**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

GALICIA LABORAL, Boletín dixital da UGT de Galicia

nº 733

A UXP ORGANIZA EN SANTIAGO O VI ENCONTRO DE XUBILADOS



Redacción.- Máis de 350 xubilados e pensionistas de toda Galicia déronse cita o pasado sábado en Santiago no VI Encontro de xubilados, organizado pola UXP-UGT-Galicia.

Unha cita que serviu para o encontro, tamén tivo un espazo de lecer cun xantar e para poñer en común os problemas que están a sufrir os máis maiores que están a ser un blanco directo dos recortes impostos polos gobernos do PP no Estado e en Galicia.

Uns pensionistas que sufren en carne propia estes recortes que tamén afectan de xeito indirecto ao conxunto das súas familias porque, sobre todo nos anos máis duros da crise, foron en moitos casos a principal e única fonte de ingresos de moitos fogares. Foron eles os que soportaron a cobertura económica das necesidades básicas dos seus fillos e netos. E foi isto, precisamente, o que limitou durante a crise o estalido social.

Pero, a pesar disto, e da importante tarefa que desenvolveron, e seguen a desenvolver, o Goberno mantén os recortes e, nalgúns casos, os agudiza.

Estas foron as denuncias que nas súas intervencións reiteraron Valentín Tato (secretario xeral da UXP-UGT-Galicia), Inmaculada Sieiro (secretaria xeral de UGT-

Compostela-Barbanza), Dimas del Mazo (secretario de Política social da UJP), Carmen Barrera (secretaria de Políticas sociais, Emprego e Seguridade Social de UGT) e José Antonio Gómez (secretario xeral de UGT-Galicia).

Todos coincidiron en que UGT defenderá a permanencia das pensións de viuvez e orfandade no sistema de Seguridade Social e lembraron que o déficit da Seguridade Social é do conxunto do sistema e non se pode buscar o financiamento a través dos Presupostos Xerais do Estado só das pensións de viuvez porque isto non vai resolver ningún problema e o único que fai é segregar estas prestacións. Ademais, contrariamente ao que defende o Goberno, non é o mesmo que se financien vía Presupostos que vía cotizacións.

O Pacto de Toledo declara as pensións de viuvez como contributivas. Polo tanto, o paso progresivo das pensións de viuvez e orfandade a financiación vía orzamentos cambiaría estas pensións a asistenciais e integraríanse nos sistemas de asistencia social das comunidades autónomas.

UGT vai loitar contra isto, pois está en xogo a integridade do sistema público de pensións e o futuro do xa exíguo estado de benestar.

Tamén se advertiu do importante recorte que sufrirán os pensionistas presentes e futuros se non se derroga a reforma das pensións imposta polo Goberno do PP no ano 2013. O Executivo silencia en España o recorte en pensións pero o cuantifica na nova versión da Actualización do programa de estabilidade presentada en Bruxelas.

Así, o gasto en pensións apenas vai variar nas próximas décadas, a pesar de que aumentará en máis de seis millóns o número de pensionistas. No 2013 o gasto en pensións representou o 11,8 por cento do PIB, no 2050 será lixeiramente superior (12,3 por cento) e a partir de entón e ata o 2060 volverá descender ao 11 por cento do PIB.

Para UGT, as reformas do Executivo do PP responden a unha estratexia ideolóxica, pois a excusa do risco de rescate de Bruxelas que o Goberno utilizou para xustificálas xa queda afastada. O PIB crece e os beneficios das empresas son superiores xa a antes do comezo da crise. Sen embargo, o Goberno non se propón dar marcha atrás coas reformas que recortan o gasto en políticas sociais.

Se se manteñen as reformas, córrese o risco de que o sistema público de pensións quede reducido a un modelo de pensións de indexencia.

UGT LEVABA ESTA PROPOSTA Á MESA SECTORIAL PERO NON SE TRATOU A ORDE DO CALENDARIO ESCOLAR POR FALTA DE TEMPO. O SINDICATO SOLICITA OUTRA REUNIÓN

FE-SP PROPÓN UN CALENDARIO ESCOLAR MÁIS EQUILIBRADO COAS VACACIÓNS DE PRIMAVERA NOS PRIMEIROS DÍAS DE ABRIL

Redacción.- O sector de Ensino da FeSP-UGT de Galicia intentou presentar o martes na Mesa Sectorial Docente unha proposta de calendario escolar máis equilibrada coas vacacións de primavera nos 10 primeiros días de abril. O sindicato tamén reiterou a necesidade de crear comisións provinciais para tratar sobre as materias afíns e demandou un concursiño para facilitar a mobilidade voluntaria do persoal docente. Este último aspecto foi tido en consideración pola Administración só en parte.

Xa o día previo á reunión, nun encontro cos medios de comunicación Delia Irene Martínez, secretaria xeral de FeSP-UGT Galicia; Gerardo Morano Díaz, secretario do sector de Ensino de FeSP-UGT Galicia e Paula Carreiro, secretaria executiva de FeSP-UGT Galicia denunciaron o “suspense da Consellería de Educación na materia de diálogo social”.

Irene Martínez apuntou que “en abril iniciamos unha campaña para a regulación das materias afíns e tamén pedimos unha reunión co conselleiro para presentarlle a nosa proposta de calendario e non tivemos resposta algunha, máis alá da convocatoria habitual da mesa sectorial. É así como a Administración de Ensino entende o diálogo e a negociación”.

Gerardo Morano explicou a proposta do calendario que ten como obxectivo prioritario “racionalizar os períodos de traballo de docentes e alumnos, establecendo unhas vacacións fixas nos primeiros días de abril”. Desta forma se desvincularía o ca-

lendaro escolar das vacacións de Semana Santa que, ao ser variables, poden crear períodos lectivos moi breves ou moi longos”. Esta proposta está baseada en criterios pedagóxicos, xa que permite que haxa uns períodos lectivos máis equilibrados, así como marcar unhas vacacións fixas, polo que será máis sinxelo a conciliación da vida familiar, ao coincidir as vacacións sempre nas mesmas datas. Ademais, Gerardo Morano insistiu na necesidade de que “se abra o debate para acadar un consenso entre todas as partes para racionalizar os períodos de traballo e descanso de alumnos e docentes”.

Pola súa banda, Paula Carreiro falou sobre as materias afíns, tema no que UGT ten en marcha unha campaña dende o mes de abril para solicitar a creación dunhas comisións provinciais para revisar os perfís das prazas con materias afíns e o reparto coherente de especialidades para cada praza con perfil afín. FeSP-UGT Ensino presentou ante a Consellería máis de 5.000 sinaturas pedindo esta regulación e a Administración aceptou limitar a dúas as materias afíns que pode incluír cada vacante. “Pero parecemos insuficiente e insistimos na necesidade de crear unhas comisións provinciais, formadas por representantes da administración, dos centros e dos sindicatos, para evitar os desaxustes que existen na actualidade”, manifestou Ca-



reiro.

Concursiño para facilitar a mobilidade

Outra das preocupacións do sindicato é a situación na que se atopa o profesorado que leva varios anos esperando o seu primeiro destino definitivo e cambia de centro cada ano coa dificultade que iso supón para a conciliación familiar. Por este motivo, UGT solicitará á Administración unha medida que xa se está utilizando noutras comunidades autónomas como Aragón: “A celebración dun concursiño -previo á celebración do Concurso de Adxudicación de Destinos Provisionais- entre profesorado definitivo (que traballa en centros que están a máis de 50 quilómetros do domicilio familiar) e docentes en expectativa de destino de longa duración (máis de seis anos), que tivera participado no Concurso Xeral de Traslados.

O AFUNDIMENTO DO BANCO POPULAR FOI POLA INEPTITUDE DOS SEUS DIRECTIVOS E A PASIVIDADE DO GOBERNO E OS REGULADORES

Redacción.- UGT fai un chamamento ao Goberno e ao Ministerio de Emprego e Seguridade Social para que, da mesma maneira que a través do FROB (Fondo de Reestruturación Ordenada Bancaria) decretaron a venda de Banco Popular por 1 euro ao Banco de Santander, tomen as medidas necesarias para evitar que esta operación financeira supoña destrución de emprego.

O Sindicato rexeita calquera formulación que pase por reducir e destruír emprego, moito menos cando os verdugos do Banco Popular, unha Dirección inmersa “nesta última etapa” nun bucle de decisións

erráticas, abandonaron, con indemnizacións millonarias, un buque que facía augas por mor da súa ineptitude como xestores.

Ademais, denunciámos a pasividade do Goberno e dos reguladores do sector financeiro (Banco de España e CNMV) que demostraron a súa incapacidade e pasividade para impedir os movementos bolsistas cortoplacistas “operando con posicións a curto prazo de carácter especulativo” que tiraron a acción do Banco Popular á baixa.

Hai que lembrar que ambas entidades levaron a cabo procesos de desvinculación de traballadores recentemente: uns 2.600

postos de traballo en Banco Popular e uns 2.500 no Banco de Santander.

Son máis de 80.000 os empregos destruídos no sector financeiro español desde o ano 2008. A solución ao proceso de reestruturación do sistema bancario do noso país non pode ter como medida habitual a destrución de emprego. Que os “expertos” do sector, tanto no ámbito público como no privado, pónñanse a pensar e demostren algo máis de talento á hora de aplicar medidas innovadoras que saneen este sector sen alimentar á besta negra da nosa economía: o desemprego.

A importancia estratéxica do silicio solar para a industria galega obriga ás administracións públicas a ser diligentemente dentro das súas responsabilidades para que este Plan sexa efectivo

FICA-UGT REITERA O SEU APOIO AO PLAN DE FUTURO DE FERROATLÁNTICA QUE BENEFICIARÁ ÁS PLANTAS GALEGAS

A tecnoloxía de fabricación de silicio solar favorecerá a renovación tecnolóxica e un aumento das plantillas en Galicia

Redacción.- UGT-FICA manifesta o seu apoio ao Plan de Futuro de Investimentos e Emprego do Grupo Ferroatlántica en España, que beneficiará aos centros de produción de Galicia. Devandito plan, cuxa principal característica é a expansión do emprego, aposta pola tecnoloxía de fabricación de silicio solar, que constitúe un produto de alto valor engadido nun mercado en constante expansión, favorece a renovación tecnolóxica das actuais plantas de ferroaleacións, o aumento sensible dos seus cadros de persoal e garante o emprego ao persoal actual do Grupo en Galicia.

UGT-FICA consideramos fiable o Plan de Futuro, asinado por catro centrais sindicais estatais, 75% da representación grupo, e a dirección da empresa, ao amparo do establecido no Estatuto dos Traballadores, fixando garantías xurídicas e sindicais que, no marco da lexislación vixente, son esixibles a Ferroglobe, tanto no que concierne á renovación tecnolóxica dos centros de produción como á creación do novo emprego e á protección do actualmente existente.

Lembramos que as condicións e garantías deste acordo foron tamén aprobadas e subscritas por dúas plantas do grupo en Galicia, a maioría da representación dos traballadores destas dúas plantas, de distinta orientación sindical e, posteriormente, referendado na asemblea traballadores

pola maioría dos empregados destas factorías.

Reiteramos que validar o Plan Industrial para UGT-FICA é exercer a responsabilidade para a que fomos elixidos, apoiar un plan que leva unha renovación e inmediatos investimentos en infraestrutura, tecnoloxía e organización á vez que se estipulan máximas garantías para o mantemento de todas as instalacións actuais do grupo en Galicia, mantemento á vez que rexuvenemento do persoal actual e xeración de emprego derivado de creación de novas instalacións, que mellorarán a competitividade das plantas galegas.

A nosa organización é consciente da importancia estratéxica que supón para Galicia o proxecto de silicio solar, material tecnolóxico de alto valor, e conscientes tamén de que a entrada de Ferroglobe neste mercado constitúe unha oportunidade irreplicable para o noso territorio, por iso consideramos que estamos ante unha decisión crítica na que Galicia e os traballadores xogámonos importantes intereses. Entende-



mos por iso que as administracións públicas das que depende a aplicación do plan deben exercer con responsabilidade o mandato para o que foron elixidos, por suposto sendo garantes da legalidade e do interese público, e si procede a garantir o cumprimento do Plan Industrial, aínda que entendemos que o acordo xa recolle estas garantías.

Finalmente, reforzando o xa dito desde UGT-FICA, asinamos o acordo ao entender que os plans de expansión de Ferroatlántica traerán beneficios para os traballadores do noso territorio. Pola contra, o inmovilismo, nun sector tan globalizado e competitivo como o noso, podería levar a repercusións negativas.

REUNIÓN URGENTE CON FOMENTO HOXE TRAS A DENUNCIA DE UGT

SEGUNDO HACHAZO A CORREOS: O GOBERNO NON RECTIFICA E SUMA OUTROS 50 MILLÓNS DE RECORTES Á ENTIDADE

Redacción.- O Goberno non só non rectifica o recorte inicial de 60 millóns de euros, senón que no Senado mete outro recorte de máis de 50 millóns na asignación orzamentaria que debe garantir a prestación do Servizo Postal Universal.

Ante este agravio reiterado en forma de distintas emendas introducidas ao longo da tramitación da Lei de Orzamentos no Congreso, UGT, xunto cos demais sindicatos de Correos, imos pedir ao Ministro de Fomento unha reunión urgente para esixirlle que tome conciencia sobre a gravidade do asunto e lle dea unha solución inmediata a través

dos Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2018 e da aprobación do Plan de Prestación do Servizo Postal Universal.

Corrixir o impacto negativo

UGT considera de extrema urxencia corrixir o impacto tan negativo que terá este recorte de dous terzos da cantidade asignada anualmente, sobre o Servizo Universal e sobre a negociación colectiva relacionada co novo Convenio Colectivo e Acordo Xeral, que busca unha solución aos recortes salariais que veñen sufrindo os traballadores de Correos durante os últimos

seis anos.

Esta denuncia feita polo Sindicato este martes provocou a convocatoria dunha xuntanza urgente para hoxe por parte do Ministerio de Fomento para abordar o sistema de financiamento do Servizo Postal Universal.

O Sindicato, ademais de facer a denuncia pública, remitiu unha carta ao titular de Fomento onde o emprazaba a convocar unha xuntanza urgente con todos as organizacións sindicais para esixirlle que tome conciencia da gravidade do asunto e lle dea unha solución inmediata.

FESMC VALORA POSITIVAMENTE AS XORNADAS DE FOLGA NA ESTIBA

Redacción.- Concluídas as primeiras xornadas de folga convocadas no sector da estiba portuaria, desde UGT considerámolas un éxito en canto en canto ao seguimento realizado polos traballadores e as traballadoras do devandito sector, sendo secundada entre o 95% e o 100% no conxunto dos portos do noso país, a pesar do abusivo dos servizos mínimos decretados, os cales terán adecuada resposta a través das accións legais pertinentes, demostrándose igualmente innecesarios á vista da actitude responsable destes traballadores no cumprimento das súas obrigacións laborais e a compatibilización das mesmas co exercicio do seu dereito de folga para facer fronte á inestabilidade e precarización laboral que quere impoñerse no sector por parte do Goberno e patronal (ANESCO) baixo o pretexto do cumprimento da sentenza do TXUE do 11 de decembro de 2014.

Desde o Sindicato Marítimo-Portuario de FeSMC-UGT queremos expresar o noso agradecemento aos traballadores e traballadoras da estiba por secundar de forma maioritaria esta xornada de paros, así como por exercer o dereito de folga desde a responsabilidade, restando argumentos a todos aqueles que pretenderon danar a reputación dos profesionais deste sector a través dunha campaña mediática alentada polos verdadeiros culpables do presente conflito. Por iso, da mesma maneira, desde UGT facemos un chamamento para que as



futuras xornadas de paro convocadas “de ter que levarse a cabo- desenvólvanse da mesma maneira, lembrando que os sacrificios que hoxe realizan os traballadores fortalecen ao colectivo en defensa dos dereitos de todos e todas”.

Doutra banda, o Sindicato Marítimo-Portuario de FeSMC-UGT desexa trasladar o seu agradecemento polas mostras de solidariedade recibidas e a comprensión ante os paros por parte daqueles traballadores e traballadoras afectados polos mesmos, especialmente mariñeiros, traballadores do transporte de mercadorías terrestre e ferroviario, así como aqueles dedicados a actividades anexas ao sector da estiba, debendo destacarse que hoxe son os estibadores pero mañá poden ser outros colectivos do transporte, sendo a solidariedade o alicerce fundamental da loita dos traballadores.

Sobre este último aspecto, desde o Sindicato Marítimo-Portuario de UGT informamos que na xornada de paro do día 7 a ETF (European Transport Workers' Federation) convocou unha xornada de solidariedade entre transportistas por estrada e estibadores/as, ao obxecto de promover as dúas campañas iniciadas por esta organización en defensa dos dereitos de ambos colectivos.

Por último, UGT espera que Goberno e patronal tomen boa nota desta mostra de unidade en defensa dos dereitos dos traballadores da estiba e atendan as reivindicacións expostas cuxo obxectivo é asegurar o cumprimento dos dereitos que estes traballadores e traballadoras teñen recoñecidos tanto por normativa internacional (Convenio OIT 137 e a súa Recomendación 145) como por normativa comunitaria (fundamentalmente, Directiva 2001/23/CE).

NOVA MOBILIZACIÓN EN VIGO EN APOIO AOS TRABALLADORES DESPEDIDOS EN VEGO SUPERMERCADOS



Redacción.- Este xoves Vigo acolleu unha manifestación en defensa dos traballadores despedidos en Vego Supermercados (Eroski Center, City e Familia).

A manifestación, que da continui-

dade a un proceso xa aberto hai meses e que foi convocada por FeSMC-UGT xunto con outros sindicatos, partiu do Eroski Center da Praza Fernando El Católico, continuou no Eroski City de María Berdiales e rematou no Familia do Mercado del Progreso.

UGT reclama ao Goberno un compromiso social polo desenvolvemento sustentable

Redacción.- UGT, con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente, que se celebrou este luns, esixe ao Goberno que impulse o emprego de calidade para alcanzar, desde o diálogo, un compromiso social polo desenvolvemento sustentable, que comprenda o crecemento económico, a cohesión social e a protección ambiental.

No 45º aniversario da celebración do Día Mundial do Medio Ambiente, designado mediante resolución no ano 1972 polas Nacións Unidas (NNUU), elixiuse o lema: “Conectar ás persoas coa natureza”, sendo Canadá o país anfitrión para esta ocasión.

UGT NON CELEBRA O DESCENSO DO DESEMPREGO XUVENIL

Redacción.- Case 600.000 mozos menores de 25 anos en desemprego e máis de 1,5 millóns de mozos menores de 35 anos sen un traballo. Unha taxa de paro xuvenil de máis do 40% e contratación temporal para o 56% dos menores de 30 anos e para o 73% dos menores de 25.

Esta é a recuperación do emprego que propaga o Goberno do noso país. O informe "Panorama do Emprego Mozo", elaborado por UGT con datos da EPA do primeiro trimestre, sinala un descenso da poboación moza ocupada e unha diminución da taxa de actividade xuvenil, o que mostra como a mocidade está a saír de España ou se está apartando do sistema polas escasas posibilidades de atopar un emprego e emprender un proxecto de vida digno.

O informe reflicte que, durante o primeiro trimestre do ano, do total de asalariados menores de 25 anos, que se cifrou en 776.900, os que teñen un contrato indefinido son só 213.100 mozos da devandita idade. Unha temporalidade que leva rotación e un encadenamento abusivo de contratos, que xera precariedade entre a

mocidade.

En canto á contratación a tempo parcial, esta supón o 23% da contratación nos mozos e aumenta progresivamente, rexistrándose un aumento do 1,9% respecto ao trimestre anterior e do 2,2% respecto ao mesmo período do ano 2016. Ademais, é máis elevada nas mulleres e a medida que aumenta a súa idade.

O Goberno está a recuperar cuantitativamente o emprego á conta dunha maior precariedade para os mozos. Para o Executivo do noso país, a diminución do desemprego é positiva, sexa como sexa o modelo de emprego que se está xerando. Por iso, UGT demanda outra política que se centre nos mozos, a través dun plan de choque polo emprego xuvenil, no marco do Diálogo Social, co fin de fomentar empregos e salarios dignos para este colectivo.

Neste sentido, é necesario que o Executivo destine os recursos do Plan de Ga-



rantía Xuvenil a fomentar as ofertas de emprego e formación de calidade, a través da colocación inmediata nun posto vacante por parte dos servizos públicos de emprego, con asesoramento laboral de calidade e cuns servizos de emprego públicos abertos e dispostos a axudar aos mozos.

Hai que impulsar o emprego de calidade e con dereitos para a mocidade do noso país, desterrando a idea do "todo vale" para este colectivo. Os mozos deben ter as mesmas condicións de traballo que o resto dos asalariados, permitindo así a diminución dos niveis de desigualdade de todos e todas, independentemente da súa idade. Só poderemos falar de recuperación cando a mellora do emprego esténdase a todos os territorios e a todas as persoas.

HAI QUE MATERIALIZAR A IGUALDADE NA NEGOCIACIÓN COLECTIVA

Redacción.- A vicesecretaría xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, avogou por materializar a igualdade de xénero na negociación colectiva, a través dunha norma legal máis efectiva e adecuada, e manifestou que a igualdade de xénero, ademais de ser un dereito fundamental e unha cuestión de xustiza social, constitúe unha necesidade social e económica, que permitirá ás empresas ser máis competitivas. Antoñanzas fixo estas declaracións durante a súa intervención na xornada "Principio de Igualdade na Negociación Colectiva", organizada pola Comisión Nacional Consultiva de Convenios e o Ministerio de Emprego e Seguridade Social.

Antoñanzas sinalou que, tras os 10 anos transcorridos desde a entrada en vigor da Lei de Igualdade, houbo avances pero a "aplicación destes dereitos presenta aínda importantes deficiencias, no día a día, da negociación colectiva".

Esta lei supuxo un impulso pero "as expectativas de avance víronse neutralizadas polas políticas adoptadas polo Goberno do PP, entre elas a reforma laboral e os recortes do gasto público, que afectaron de forma especialmente negativa ás mulleres, incrementando a desigualdade"- dixo. Por tanto, "lograr a eliminación das discriminacións e reducir a brecha de xénero nas relacións laborais (no

acceso ao emprego, a calidade das contratacións, os salarios, os postos de responsabilidade, etc.) segue sendo un reto pendente". Como o é a corresponsabilidade do coidado familiar e a eliminación da violencia de xénero.

A vicesecretaría xeral de UGT destacou que, para impulsar o desenvolvemento daqueles aspectos da lei de igualdade que quedaron paralizados tras as políticas impostas, resulta "imprescindible adoptar novas medidas legais, tanto a través da súa aplicación directa, como a través da negociación colectiva.

Plans de Igualdade

Para que os plans de igualdade sexan máis efectivos, UGT avoga por establecer contidos mínimos legais, ampliando as competencias dos representantes sindicais e da autoridade laboral competente no control do contido dos devanditos plans e no seguimento das medidas acordadas. Así mesmo, é preciso que partan de diagnósticos reais e conteñan medidas apropiadas que permitan corrixir as desigualdades.

Antoñanzas afirmou que "os plans de igualdade deben ser froito da negociación dos interlocutores sociais", asegurou que debe existir unha conexión entre os plans de

igualdade e o convenio colectivo de referencia e que a obriga legal de negociar plans de igualdade (ata agora afecta a empresas de máis de 250 traballadores) debe estenderse a empresas de menor tamaño.

Así mesmo, é preciso corrixir as deficiencias no rexistro dos plans de igualdade, cambiar a normativa vixente e establecer a obrigatoriedade de rexistrar todos os plans de igualdade nun único rexistro, o REGCON, con independencia de que existan outros rexistros creados nas comunidades autónomas.

Lei de Igualdade Salarial e outras medidas legais

A vicesecretaría xeral de UGT defendeu, tamén, a necesidade de establecer unha Lei de igualdade salarial; e adoptar medidas legais para acabar coa eliminación da segregación ocupacional, tanto horizontal como vertical.

Por outra banda, pediu novas normas para que haxa unha adecuada protección das mulleres vítimas de violencia de xénero no ámbito laboral e medidas para posibilitar a corresponsabilidade e conciliación na vida laboral e familiar entre homes e mulleres.

ORGULLO, ADMIRACIÓN E TRISTEZA

Redacción.- Nos últimos anos vivimos nun mundo que demostrou ser capaz de deixar morrer a unha persoa tombada na beirarrúa, ou non preocuparse polo estado de alguén que se atopa tendido na plataforma do metro. Agora debemos lamentar a morte de Ignacio Echevarría, asasinado este pasado domingo en Londres noutro ataque terrorista.

Morreu demostrando que hai seres humanos que si se preocupan polos

demais. A acción de Ignacio débenos traer ás nosas consciencias non só a figura dunha persoa valente ou solidaria, senón simplemente o que é capaz de sacrificar unha persoa chea de humanidade nun mundo cada vez máis deshumanizado.



A LOITA CONTRA O CAMBIO CLIMÁTICO ESIXE TRABALLO DECENTE, ALGO QUE NON SUCEDE EN ESPAÑA

Intervención de Jesús Gallego na 106ª Conferencia Internacional do Traballo

Redacción.- O secretario de Internacional de UGT, Jesús Gallego, afirmou que “a loita contra o cambio climático esixe investimentos en enerxías renovables e situar o traballo decente no centro de todas as políticas”, algo que non sucede en España, onde “nunca o emprego foi de tan baixa calidade, tan inestable, inseguro, mal pago e carente de expectativas de futuro”.

Ademais, “nunca antes os dereitos sociais e fundamentais das traballadoras e os traballadores, como é o dereito de folga, foron tan inxustamente atacados como nos últimos anos”. Así, “dos 300 sindicalistas que en España esperan ou están condenados por exercer o seu dereito á folga, nos próximos días, serán xulgados dúas persoas para as que piden 7 anos de cárcere”.

Jesús Gallego fixo esta denuncia durante a súa intervención, como delegado dos traballadores de España, na 106ª Conferencia Internacional do Traballo, e en resposta á memoria presentada polo director xeral de como contribuír á sustentabilidade ambiental e promover o dereito do traballo decente para todos. Unha memoria na que se afirma que a loita contra o cambio climático non se pode levar a cabo sen atender as repercusións económicas e sociais que leva e sen garantir unha transición xusta do mundo do traballo cara á sustentabilidade ambiental.

Así, para garantir unha verdadeira transición xusta, é necesario adoptar dous tipos de accións. As primeiras destinadas “a liquidar o importante déficit de traballo decente que soportamos en España”. Para iso, son necesarias políticas para “mellorar as condicións de traballo, proporcionar salarios dignos e potenciar a negociación colectiva e a liberdade sindical, suprimindo a



criminalización que se fixo do dereito de folga”.

As segundas, dirixidas a “asegurar a participación plena e activa dos sindicatos no deseño e execución dos programas e políticas a favor da sustentabilidade ambiental. Só así facilitaremos unha transición verdadeiramente xusta cara a unha economía e un emprego verde, sustentables, dignos e de calidade, que cumpran coa xustiza social”- dixo.

O secretario de Internacional de UGT fixo fincapé tamén no que ocorreu en España coas enerxías renovables. “Houbo un cambio lexislativo que penaliza o uso das enerxías renovables nun país cunha dependencia das fósiles do 99,8%- das que se importan case o 73%”.

Algúns datos

España é especialmente vulnerable ao impacto do cambio climático, e sofre un importante déficit, provocado polas políticas

de recortes do Goberno do PP, un de cuxos máximos expoñentes foi a reforma laboral de 2012. Algo que demostran os datos, tal e como lembrou Jesús Gallego. Así:

* A taxa de paro de España é unha das máis elevadas de toda a UE, con 4 millóns de persoas no desemprego. Especialmente alarmante é o paro de longa duración e o paro xuvenil.

* A taxa de temporalidade é do 26,5%.

* A taxa de contratos parciais de carácter involuntario ascende ao 61%.

* O 13% do total de contratos indefinidos é o de “apoio a emprendedores”, un falso indefinido que inclúe un período de proba dun ano, tras o cal se pode rescindir o contrato.

* Desde 2009 os salarios reais caeron en 5,3 puntos porcentuais de media.

* O 27,9% da poboación está xa en risco de pobreza e exclusión social.